



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A ENTIDADE EDITORIAL LA CAPITAL PARA A REALIZACIÓN DE DIVERSAS ACCIÓNS DIVULGATIVAS E INFORMATIVAS DE INICIATIVAS DA ESTRATEXIA GALICIA DIXITAL 2030 E PROXECTOS DE TRANSFORMACIÓN DIXITAL EN GALICIA

Antecedentes

Segundo o artigo 9 do estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega) aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, a Amtega ten entre as súas competencias a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, queda desconcentrada na titular da Dirección da Amtega a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da Amtega, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

En execución das súas competencias e funcións, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia pretende difundir contidos relacionados con iniciativas de transformación tecnolóxica e dixital levados a cabo na Comunidade Autónoma de Galicia e enmarcados na Estratexia Galicia Dixital 2030. Trátase de achegar a toda sociedade galega as iniciativas de transformación dixital en marcha na Comunidade Autónoma para que cidadáns e empresas poidan beneficiarse dos novos servizos e solución dixitais ao seu alcance en diferentes ámbitos.





A entidade EDITORIAL LA CAPITAL S.L. comparte o interese na difusión dos beneficios que para a sociedade galega poden ter as iniciativas tecnolóxicas reseñadas e quere participar e colaborar na realización de diversas accións divulgativas e informativas relacionadas coa Estratexia Galicia Dixital e iniciativas de transformación dixital, como instrumento de divulgación complementaria e de interese para os galegos e as galegas.

Razóns de oportunidade, obxectivos perseguidos e concorrancia

O sector das TIC galego debe converterse nunha das áreas produtivas claves no desenvolvemento económico e social de Galicia, pola súa condición de acelerador do cambio tecnolóxico e polo seu carácter transversal ao resto de sectores.

A Amtega ten entre os seus obxectivos prioritarios, lograr un desenvolvemento efectivo da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma de Galicia, promovendo aquelas accións que faciliten e impulsen a incorporación de toda a sociedade aos novos recursos tecnolóxicos da información e das comunicacións e a implicación dos cidadáns galegos na utilización das novas tecnoloxías como factor xerador de novas capacidades, de emprego e de desenvolvemento económico.

O Consello da Xunta, o 3 de decembro de 2020, aprobou a Estratexia Galicia Dixital 2030, coa visión posta en “situar a Galicia como unha rexión intelixente de referencia en Europa, onde o uso das tecnoloxías dixitais contribúe a aumentar a calidade de vida e o desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: social, económica e medio ambiental”, aproveitando todo o potencial das oportunidades que brindan as tecnoloxías dixitais para dar unha resposta integral aos retos sociais, económicos e medio ambientais.

Deste xeito, tomando como base os logros acadados no ámbito dixital en Galicia nos últimos anos e o novo contexto social, económico e tecnolóxico, a Estratexia Galicia Dixital 2030 articúlase en torno aos seguintes 7 eixos estratéxicos: Goberno e Administración Intelixente, Sociedade Dixital e Inclusiva, Entorno Dixital para a Saúde e o Benestar Social, Territorio Intelixente, Verde e Resiliente, Conectividade Dixital do Territorio, Cultura e Turismo





Intelixente e Economía Dixital e Sostible. Comprende tamén un eixo estratéxico transversal que promoverá a especialización tecnolóxica ao servizo do resto de eixes estratéxicos, centrándose en reforzar as capacidades e infraestruturas dixitais de Galicia en tecnoloxías disruptivas e en garantir o seu amplo uso na economía e a sociedade.

A través deste convenio preténdese difundir contidos relacionados con iniciativas de transformación tecnolóxica e dixital levados a cabo na Comunidade Autónoma de Galicia e enmarcados na Estratexia Galicia Dixital 2030. Trátase de achegar a toda sociedade galega as iniciativas de transformación dixital en marcha na Comunidade Autónoma para que cidadáns e empresas poidan beneficiarse dos novos servizos e solución dixitais ao seu alcance en diferentes ámbitos.

Existe unha identidade entre os obxectivos da entidade EDITORIAL LA CAPITAL S.L. e os que constitúen o obxecto do presente convenio.

Que os medios de comunicación social son institucións esenciais para o proceso de formación da opinión pública e, polo tanto, para o correcto funcionamento das institucións democráticas. As liberdades consagradas polo artigo 20 da Constitución, como sostén o tribunal Constitucional no son só dereitos fundamentais de cada cidadán, senón que significan o recoñecemento e a garantía dunha institución pública fundamental como é a opinión pública libre, de tal maneira que para que o cidadán poida formar libremente as súas opinións e participar de xeito responsable nos asuntos públicos, ten que ser tamén informado amplamente de xeito que poida ponderar opinións diversas e incluso contrapostas.

Deste xeito, a información e comunicación difundida a través dos medios de comunicación social constitúe un instrumento esencial para o desenvolvemento pleno da persoa, tanto a nivel individual coma social.

En definitiva, os medios de prensa escrita de Galicia, ademais de constituír, na súa área de influencia, o medio máis axeitado para dar a coñecer os beneficios derivados da transformación dixital da Comunidade Autónoma e posibilitar que os seus lectores teñan un coñecemento veraz e imparcial das accións que son de interese xeral, contribúen a facer





efectivos a liberdade de expresión e o dereito de información, polo que se aprecia unha coincidencia de intereses entre estes medios de comunicación e os da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, o cal determina a posibilidade de colaboración das distintas partes para atender unha finalidade común.

Desde o punto de vista da concorrência esta colaboración, que non ten carácter publicitario nin está plenamente determinado xa que a elección dos contidos e a elaboración das informacións son materia de cada medio, instrumentarase con medios galegos de prensa escrita xeneralista que transmiten información diaria de noticias, especialmente de carácter autonómico e/ou local, con contidos que promoven ou difunden a identidade de Galicia e os seus intereses, a súa lingua, cultura e o concepto de galeguidade e que teñen auditada oficialmente a súa audiencia polo EGM e, tal como se recolle no propio convenio “*O importe desta compensación pola prestación que se realiza, está fixado utilizando criterios obxectivos adaptados aos que rexen no mercado e atendendo de xeito proporcional aos últimos datos do EGM*”.

A colaboración financeira da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia neste convenio non terá o carácter de prezo, senón de achega que se realiza para compensar a entidade dos gastos nos que incorre como consecuencia da elaboración, planificación, posta en marcha e desenvolvemento do obxecto do convenio. Porén, existe unha compensación de acordo á actividade esixible ao medio de comunicación, sen marxe comercial de ningún tipo. Como consecuencia disto, a achega económica da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ascende a 5.052,63 € e será financiada con cargo á aplicación orzamentaria 07.A1.571A.640.0 dos orzamentos xerais da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o ano 2023., en atención á natureza das actuacións que constitúen o obxecto do presente convenio, xa que ten proxección futura e é susceptible de manter os seus efectos en vindeiros exercicios, polo que debe ser considerada como investimento inmaterial.

O importe desta compensación pola prestación que se realiza, está fixado utilizando criterios obxectivos adaptados aos que rexen no mercado e atendendo de xeito proporcional aos





últimos datos do EGM, os datos de audiencia dos grupos de comunicación de Galicia de prensa escrita que quedan recollidas na memoria deste convenio.

A presente actuación implementase a través da figura do convenio de colaboración, quedando xustificados os requisitos fundamentais para considerar esta actuación como convenio: concorrencia, interese común pola difusión da información, un obxecto non publicitario no que a Administración non determina o contido concreto da información e no que a achega económica correspóndese cunha compensación polos gastos incorridos.

Santiago de Compostela,
O xerente da Amtega

José Luis Somoza Digón

